

Modificacións no percorrido da liña 7 do transporte urbano. Obras en Ponte Marzán (desde o mércores 27 de abril de 2016).

Con motivo das obras da autopista AP-9 e o corte de tráfico na estrada AC-261 á altura de Ponte Marzán, a liña 7 do transporte urbano ten alterado o seu percorrido desde o día 15 de marzo. A partir do mércores 27 de abril de 2016, a liña modificará os desvíos e determinados horarios.

- Os autobuses farán o percorrido circular que se está realizando actualmente en fin de semana, pero cós dous autobuses ao longo de todo o día de luns a venres. As paradas suprimidas serán as mesmas que na fin de semana.

As viaxes con saída da rúa Valle Inclán en dirección a Aríns (ata o Teleclub) non verán alterado o seu percorrido e as súas paradas. Os horarios de saída da rúa Valle Inclán serán cada 30 minutos, así como as voltas desde Aríns.

Para o traxecto de volta desde o Teleclub, o autobús irá por Torrebranca, Sanxuás, rotonda de Agra dos Campos, Ponte de San Lázaro, SC-20, rúa Diego Bernal (multiusos Fontes do Sar) e retomará o seu itinerario habitual na rúa Ponte de Sar (á altura da parada situada no número 41 desa rúa) en dirección ao centro.

PARADAS ANULADAS NA ZONA DE ARÍNS: As paradas de Lobío (295), A Pena (16) e rúa San Martiño, cruce Agra das Lamas (540) pasarán a realizarse có autobús nos horarios en que se prolongue a Fornás (soamente de luns a venres laborables). As alternativas máis próximas son en Torrebranca, Sanxuás e Agra dos Campos.

As paradas de Torrebranca, rúa da Obrigada (625), Torrebranca (624), Sanxuás 2 (593), Sanxuás 1 (592) e rúa de Senande (517) realizaranse no sentido contrario ao habitual, isto é, en dirección a Monte do Gozo.

PARADAS ANULADAS NAS ZONAS DE CRUCEIRO DE SAR, PONTE MARZÁN, A DEVESA E ANDRADE (en dirección rúa Valle Inclán): Os usuarios das zonas de Cruceiro de Sar, Ponte Marzán, A Devesa e Andrade que desexen realizar o percorrido en dirección ao centro, deberán coller os autobuses en dirección a Aríns, xa que non voltarán pola mesma estrada. Variarán por tanto as horas para acceder á liña nestas zonas e ir cara a rúa Valle Inclán, pasando aproximadamente entre 10 e 15 minutos despois das saídas de Valle Inclán.

A relación de paradas anuladas nesta zona e a alternativa máis próxima é a seguinte:

Código	Denominación da parada	Parada alternativa
539	Rúa San Martiño	Teleclub
217	Coto da Nai	Teleclub
44	Andrade (igresario)	Andrade nº 25 (dirección ARÍNS)
45	Andrade nº 10	Andrade (c.Vilacova) (dirección ARÍNS)
10	A Devesa (c. Senande)	A Devesa (c.Senande) (dirección ARÍNS)
8	A Devesa	A Devesa nº 26 (dirección ARÍNS)
272	Grandeira - A Devesa	Grandeira (dirección ARÍNS)
394	Ponte Marzán	Ponte Marzán (dirección ARÍNS)
189	Cima da Vila	Rúa de Sandino nº 134 (dirección ARÍNS)
512	Rúa de Sandino (fr. nº 62A)	Rúa de Sandino nº 62ª (dirección ARÍNS)
222	Cruceiro de Sar (dir. centro)	Cruceiro de Sar (dirección ARÍNS)
524	Rúa do Cruceiro de Sar (fr. nº 38)	Ponte de Sar nº 41
523	Rúa do Cruceiro de Sar (c. Picaños)	Ponte de Sar nº 41
386	Ponte de Sar nº 55	Ponte de Sar nº 41

Horarios:

Luns a venres laborables

Rúa Valle Inclán – Sar – Aríns: De 7:00 a 22:00 (cada 30').

Aríns – SC-20 – Ponte de Sar – rúa Valle Inclán: De 7:30 a 22:30 (cada 30').

Saídas de Fornás: 7:15 8:00 9:00 10:00 14:00 15:00 19:00 20:00

Saídas de Valle Inclán con prolongación a Fornás: 7:30 8:30 9:30 10:30 13:30 14:30 18:30 19:30

Sábados laborables

Rúa Valle Inclán – Sar – Aríns: De 7:00 a 22:00 (cada 60').

Aríns – SC-20 – Ponte de Sar – rúa Valle Inclán: De 7:30 a 22:30 (cada 60').

Domingos e festivos

Rúa Valle Inclán – Sar – Aríns: De 10:00 a 22:00 (cada 60').

Aríns – SC-20 – Ponte de Sar – rúa Valle Inclán: De 10:30 a 22:30 (cada 60').

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.